



BOLETÍN INFORMATIVO MUNICIPAL

Concello de Vedra


Setembro 2017 • Nº 216

BÓTALLE UN OLLO AO...

■ O programa de actividades para o curso 2017 - 2018

Con el coñecerás todas as propostas culturais e deportivas que podes realizar en Vedra neste curso que comeza!!

No seu interior toda a información: actividades, horarios, prezos, prazo de inscrición...



HORARIOS DE VERÁN

NO CONCELLO DE VEDRA

Ata o 15 de setembro atención ao público no seguinte horario: De luns a venres de 9:00 a 13:00 h.

NA OFICINA DE CORREOS DE VEDRA

En setembro atenderá ao público no seguinte horario: De luns a venres de 8:30 a 10:00 h.

AXENDA NAS INICIATIVAS ASOCIATIVAS

- A **Asociación Cultural Papaventos** representará "República de Gundián" na Ponte Ulla o sábado 9 de setembro ás 21:30 horas.
- **26ª Carreira Popular do Gundián**, o domingo 10 de setembro na Ponte Ulla.
- A **Escola de Música de Santa Cruz de Ribadulla** comeza as clases o 11 de setembro.
- A **Escola de Música de Vedra** comeza o curso o mércores 13 de setembro.
- **Circuíto Galego de Teatro Amador**, o venres 29 de setembro ás 21:15h: "En venda", de O Trasnó Novo Teatro.

SETEMBRO

L	M	MC	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	

AXENDA PARA O MES DE SETEMBRO

- **#súmate e doa sangue:** o martes 5 de setembro en Santa Cruz de Ribadulla.
- **Festa de fin das actividades de verán:** o mércores 6 de setembro no campo da festa de Vedra.

ABERTOS PRAZOS DE INSCRICIÓN:

- **Matrícula nas actividades culturais:** do 15 ao 25 de setembro.
- **Matrícula nas actividades deportivas:** do 19 ao 28 de setembro.

Bótalle un ollo a todas as propostas no folleto de actividades para o curso 2017/2018.

AXENDA DE ACTIVIDADES PARA A XUVENTUDE:

- **Intercambio de Boas Prácticas** do 24 ao 30 de setembro.
- **Percibindo Natura.** Mandeo, paraíso fluvial do 23 e 24 de setembro.

AXENDA DE ACTIVIDADES PARA A TERCEIRA IDADE:

- Celebración da patroa do Centro Social "**Festa do Burgo**", na carballeira o 9 de setembro.
- **Obradoiro de risoterapia.** Xoves 14 de setembro.
- **Excursión ás Médulas** - Balboa (Comarca do Bierzo). O 20 de setembro.
- **Bingo** o xoves 21 de setembro.



Outro éxito da edición en Vedra do Goza do Ulla, con máis de 100 persoas realizando o roteiro de "San Xoan da Cova".



O Concello de Vedra acaba de adquirir un Volkswagen Kombi para o persoal de Servizos varios municipais e unha Volkswagen Transporter para a brigada verde. Estes vehículos foron financiados nun 80% pola Deputación Provincial da Coruña.



A ludoteca pon fin ao campamento de verán, que baixo o marco de "AS TRIBUS PERDIDAS" encheu de actividades ás mañans dos meses de xullo e agosto para a cativada de Vedra.

ASÍ FOI NAS ASOCIACIÓNS



Festa do Chourizo en San Pedro de Sarandón.



Ciclo de Cine de Verán 4X4 da Asociación Senunpeso.



Foi en... Agosto



Concentración de Espantallos da Asociación Tira e Afloxa en Vilanova.



Baixada Pedestre do Pico Sacro En Vilanova.



XX Aniversario da Concentración Moteira da "Asociación de Moteir@S Val do Ulla".



De interese

UNIDADE MÓBIL DE DOAZÓN DE SANGUE #SÚMATE E DOA SANGUE

■ A unidade móbil de doazón de sangue estará en Santa Cruz de Ribadulla, diante de Supermercado Carrillo.

DATA: MARTES 5 de SETEMBRO.

HORARIO: de 9:30 a 14:30 e 15:30 a 21:00 horas.

Podes doar sangue se tes entre 18 e 65 anos e pesas máis de 50 quilos, o persoal sanitario revisará a túa saúde antes da doazón de sangue.



Recorda:

Non acudas sen almorzar e despois do xantar espera 2 horas.

Non esquezas traer o DNI.

Informa ao médico da unidade móbil se estas a tomar algún medicamento.

Máis información <http://ados.sergas.es>

Twitter: @doadoressangue

Facebook: <https://www.facebook.com/doadoressangue>



NOVO SISTEMA DE COMUNICACIÓN DE AVARÍAS NA ILUMINACIÓN PÚBLICA

■ Coñecedores de que o actual sistema para comunicar incidencias na iluminación pública é limitado, posto que só se poden atender avisos no horario de atención ao público das oficinas municipais, e de que o traslado desta información á empresa de mantemento ten pasos que se poden reducir para deste xeito axilizar o proceso de reparación dos farois, decidiuse cambiar o sistema de avisos de avarías para que sexa xestionado directamente pola empresa prestadora do servizo e deste xeito conseguir que o servizo funcione de xeito máis áxil e eficaz.



Dende o 7 de agosto as avarías nos farois do termo municipal comunicanse directamente á empresa executora que pon a disposición da veciñanza de Vedra tres medios de comunicación para facilitar o máximo posible este trámite.

As avarías poderán comunicarse no seguinte horario e polos seguintes medios:

- **HORARIO:** DE LUNS A VENRES DE 9:00 A 14:00 H. E DE 16:00 A 19:00 H.
- Por teléfono no 981.50.05.06
- Por correo electrónico no enderezo: info@electricidadcruceiro.com
- Por fax no 981.50.81.36

É moi importante que nos avisos realizados por medios escritos se deixe constancia dun teléfono de contacto para que no caso de non localización da avaría os técnicos poidan chamarlles.

TRANSPORTE METROPOLITANO...GRATUÍTO!!!

■ Dende o Concello de Vedra lembramos a existencia da TARXETA XENTE NOVA, un sistema implantado e subvencionado pola Xunta de Galicia que permite realizar todas as viaxes interurbanas gratúitas dende os 4 anos ata o día que cumplas os 19!!

Tes toda a información e a forma de solicitala na páxina <http://tmg.xunta.gal>.

O CONCELLO DE VEDRA, EN LOITA CONTRA A VESPA VELUTINA

■ Dende que o Concello de Vedra decidiu adherirse ao “*Convenio para a loita contra a Vespa Velutina*” neutralizaronse preto de 300 niños, con medios propios e persoal voluntario, tanto de Protección Civil coma apicultores do Concello de Vedra. Nos meses de verá n houbo un repunte moi alto nos avisos chegando a máis de 100 entre xullo e agosto, e prevese que superarán estas cifras nos vindeiros meses de setembro e outubro coa caída da folla das árbores que será cando os niños sexan máis visibles. Neste sentido, trátase de priorizar aqueles que son máis urxentes por estar en vivendas ou alpendres anexos, árbores próximas a vivendas habitadas ou lugares de tránsito público de persoas coma rúas, prazas, colexios, etc.

O traballo de neutralización dos niños realizase nas últimas horas do día para intentar capturar o número máis elevado posible de vespas dado que é pola noite cando todas están no seu interior, estanse neutralizando unha media de entre 15 e 20 niños cada semana dependendo das dificultades que presentan en cada caso. Neste sentido temos que destacar a importancia da colaboración veciñal na detección dos niños, algo fundamental para poder inactivalos e frear o avance da Vespa Asiática.



Se tes algúnha dúbida ou precisas axuda para solicitala só tes que achegarte a Área de Extensión Sociocultural ou chamar ao 981 814 691



CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS

■ O Concello de Vedra a través do seu Departamento de Deportes convoca as axudas anuais destinadas ás entidades do termo municipal que teñan como obxectivo o desenvolvemento de actividades deportivas.

A convocatoria da dita axuda foi anunciada no BOP da Coruña do pasado 30 de agosto e a partir da súa publicación abriuse un prazo de inscrición que durará un mes dende o día seguinte ao seu anuncio.

As bases e os modelos de solicitudes están a disposición das persoas interesadas no Departamento de Deportes do Concello e na páxina web municipal.

Para máis información poden achegarse ao propio Departamento de Deportes do Concello ou chamar ao 981 814 691.

HORARIO PAVILLÓN MUNICIPAL

■ **LEMBRA:** Durante o mes de setembro o horario do pavillón será:

- De luns a venres de 19:00 a 23:30 h.

A inscrición para as actividades deportivas será en liña (os usuarios que o desexen poden pasarse polo pavillón para realizar este trámite).



Cultura

FIN DE ACTIVIDADES DO VERÁN!!! O 6 de setembro

■ O Concello de Vedra pon o broche final a todas as propostas de verán cunha actividade de convivencia.

- Data: mércores 6 de setembro.

A partires das 19:00 h no campo da festa de Vedra. Habrá xogos, música e merenda.

As 21:00 h. proxección da película **MAIMIÑO**, patrocinada polo programa de cine de verán "Redecinema" posto en marcha dende a Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Unha actividade de balde moi recomendable e que nos permitirá despedirnos ao grande dun verán cheo de actividade!!





VEDRA DE TAPAS

■ Na primeira quenda de outubro terá lugar unha nova edición do Vedra de Tapas, o xa tradicional Roteiro – Concurso de Tapas polos establecementos da hostalería local. Nesta nova edición como novidade estará acompañado dun programa de actuacións musicais en todos os locais participantes.

Máis información no vindeiro boletín.



Voluntariado



#COUSABOA



AXENCIA MUNICIPAL PARA O VOLUNTARIADO E AS ASOCIACIÓN

AXENCIA MUNICIPAL PARA O VOLUNTARIADO E AS ASOCIACIÓN

é un servizo de información, formación e asesoramento a todas aquelas iniciativas sociais que se poñan en marcha no noso concello

QUE QUEREMOS ???

- # DIFUNDIR E SENSIBILIZAR entre a poboación en xeral, o valor do voluntariado como forma de participación social e exercicio de corresponsabilidade.
- # INFORMAR E ORIENTAR sobre voluntariado: oportunidades e necesidades do mesmo, programas, recursos,...
- # OFRECER SERVIZOS DE APOIO A ASOCIACIÓNS E VOLUNTARI@S documentación, formación e asesoría dirixida ás entidades e ás persoas voluntarias
- # INTERMEDIAR para potenciar os vínculos entre organizacións e posibles voluntari@s, aquí e en proxectos de voluntariado europeo.
- # FORTALECER O TECIDO ASOCIATIVO das áreas nas que traballamos mediante información e a formación coas asociacións xuvenís, de mulleres, de veciñ@s, culturais, deportivos, medioambientais...
- # IMPULSAR O TRABALLO EN REDE a nivel local, autonómico, estatal e internacional; de forma que se enriqueza a nosa práctica diaria e se fortaleza a acción.

QUE FACEMOS ???

Os servizos ofrécense en función dunha dobre vertente:

QUEBES FACER VOLUNTARIADO ???

- # INFORMARTE das asociacións, programas e postos.
- # ASESORARTE sobre os teus dereitos e deberes.
- # FORMARTE para comezar o teu labor de voluntariado.
- # ACOMPAÑARTE no teu labor voluntario.

SODES UNHA ASOCIACIÓN ???

- # DIFUNDIR a información das vosas actividades.
- # DERIVARVOS persoas voluntarias.
- # INFORMARVOS de recursos e actividades.
- # ASESORARVOS sobre temas de xestión e administración.
- # BUSCARVOS espazos de coordinación.
- # FORMARVOS nos temas que demandades.

ONDE ESTAMOS ???

Departamento de Servizos Sociais
981 814695 _ voluntariado@concellovedra.com



COUSABOA

Podes utilizar o hashtang #cousaboa para difundir a túa experiencia de voluntariado ou calquera actividade asociativa.
Anímate...e multipliquémonos!



ACTIVIDADES TERCEIRA IDADE

- **Celebración da patrona do Centro Social "Festa do Burgo", na carballeira.**

Sábado 9 de setembro ás 12:30.

Programa: misa cantada pola Coral da Terceira Idade, haberá pulpeiro, os que queiran poden levar a comida... Actuación do grupo de música tradicional "Ghazafellos".

- **Obradoiro de risoterapia**

Xoves 14 de setembro ás 20:00.
Inscripción previa na cafetería.

- **Excursión ás Médulas - Balboa (Comarca do Bierzo)**

Mércores 20 de setembro.

Prezo: 25 € (Inclúe: transporte, comida e visitas) - prazas limitadas. (O prazo de inscrición para esta saída, ábrese o 7 de setembro. As prazas e número de asento adxudicaranse por orde de inscrición).

- **Bingo**

Xoves 21 de setembro ás 20:00 h.

CURSOS:

Ao longo do mes de setembro na cafetería realizaranse as inscricións para os cursos de:



- **Ximnasia de maiores:** os luns e mércores de 19:00 a 20:00 h.

- **Obradoiro de traballo corporal:** os martes de 19:30 a 20:30 h.

- **Obradoiro de memoria:** os xoves de 17:00 a 18:30 h.

- **Canto-Coral:** (búscanse novos compoñentes para a coral) os venres de 19:30 a 21:00 h.

Os cursos terán un custe de matrícula de 15 € (de outubro a xuño).

O que participe en 3 cursos terá o 4º gratuito.

Outros cursos:

- **Obradoiro de pintura en roupa (Gratuito):** os martes, mércores e xoves de 17:00 a 20:00 h.

- **Bailoterapia:** os xoves de 19:00 a 20:00 h. durante os meses de outubro, novembro e decembro. Prezo: 15 € (o trimestre). Realizar inscrición e pago!

LUDOTECA

- A partir do 11 de setembro a Ludoteca de Vedra retoma o seu horario complementario ao calendario escolar:

- Luns, mercores e venres de 15:00 a 20:00 h.
- Martes e xoves de 17:00 a 20:00 h.

Máis información e inscricións na Ludoteca e no Departamento de Servizos Sociais xunto a Educatora Familiar.

Ou nos teléfonos 699 041 486 e 981 81 46 93 en horario de 9:00 a 13:00 h.





PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE AGROFORMACIÓN.

Alternativas de cultivo no noso agro

■ A partir do mes de outubro a concellería de Medio Rural impulsará unha serie de actividades encadradas dentro do “Programa de Agroformación: alternativas de cultivo no noso agro”, que constará nas seguintes módulos:

- Apicultura, mel e derivados.
- Froitos silvestres.
- Cogumelos.
- Producción de castaña.
- Mazás para sidra e oliveiras para aceite.
- Camélias para produción de té e aceite.
- Horticultura e fruticultura ecolóxica.

Cada módulo constará dunha sesión teórica, os venres pola tarde, e dunha sesión práctica o sábado pola mañá.

- Prezos: 10,00 € módulo.
- Bono 7 módulos: 50,00 €

Máis información en vindeiros boletíns.



Xuventude



PERCIBINDO NATURA.

Mandeo, paraíso fluvial


- **Obxectivos:**
 - Realizar un achegamento a un espazo natural protexido integrado en Natura 2000.
 - Descubrir o noso papel protagonista na protección e conservación das contornas naturais.
- **Lugar:** Contornas do Río Mandeo.
- **Datas:** 23 e 24 de setembro de 2017.
- **Destinatarios-as:** Xuventude maior de 14 anos
- **Descrición:** a saída “Mandeo, paraíso fluvial”, ofrécese como unha inmejorable ocasión para que as mozas e mozos realicen un achegamento emocional ao acervo ecolóxico da contorna. O nacemento do río, a topografía característica e a paisaxe fluvial e humana, preséntanse como eixos arredor dos que descubrir, repensar e reafirmar o noso rol como seres vivos insertos no macrosistema vida.

PROGRAMA DA SAÍDA

SÁBADO, 23 de setembro

8:30 h. Saída

10:30 h. Ruta nacemento do Mandeo
(Miraz – Cova da Serpe)
Xantar agreste



Continúa na páxina 9



18:00 h. Descuberta etnográfica do Mandeo

21:30 h. Cea e Velada

DOMINGO, 24 de setembro

9:00 h. Almorzo

10:00 h. Mandeo, paisaxe cultural

13:30 h. Xantar

15:30 h. Explorando o intermareal
(Desembocadura do Mandeo)

19:00 h. Saída de Betanzos

20:30 h. Chegada a Vedra

■ **Prezo:** 60 €/participante (inclúe aloxamento e pensión completa, desprazamentos, seguros, servizo de guía, acompañamento e animación durante a actividade). Para máis información e inscricións:

Departamento de Cultura:

981 814691- cultura@concellodevedra.com

VEDRA ACOLLE UN INTERCAMBIO DE BOAS PRÁCTICAS NO ÁMBITO DA XUVENTUDE

■ O proxecto “Youth & Development 4All – Practices to Include” desenvólvese co apoio financeiro do Programa Erasmus+, no ámbito da Acción – Clave 2 – Cooperación para a Innovación e Intercambio de Boas Prácticas, Asociacións Estratéxicas para a Xuventude. Trátase dun proxecto de cooperación entre Animar (Asociación Portuguesa para o Desenvolvemento Local – Portugal), a Asociación Eurocultura (Vicenza-Italia) e o Concello de Vedra.

Son obxectivos do proxecto:

Obxectivo xeral:

- Promover a capacitación de técnicos/as de xuventude e de membros das organizacións socias ao nivel de coñecementos e prácticas no sector da inclusión social e da educación non formal, con enfoque na área de xuventude.

Obxectivos específicos:

- Realización dun intercambio de Boas Prácticas no ámbito da xuventude (enfoque en diversos ámbitos: metodoloxías de educación non formal, prácticas de educación innovadoras, formación e integración de xóvenes en contextos de traballo e emprendemento).
- Identificación de Boas Prácticas de intervención na área de xuventude.
- Desenvolvemento de competencias persoais e sociais da mocidade e técnicos/as de xuventude e membros de entidades, ao nivel multilingüístico, creatividade e inclusión.
- Promover a participación cívica da mocidade no asociacionismo local, contribuíndo para o fortalecemento do sector, para o diálogo intercultural e para a igualdade e a inclusión social.

- Fomentar a creación dunha rede activa da mocidade, de base informal, potenciadora de experiencias xuvenís no desenvolvemento local.

Que se quere facer no encontro de Intercambio de Boas Prácticas?

No Intercambio de Boas Prácticas preténdese realizar un achegamento ás seguintes temáticas:

- Comunicación intercultural.
- “Emprendedurismo” (experiencias, ferramentas e desenvolvemento de competencias).
- Estratexias participativas.
- Metodoloxías, ferramentas e prácticas de educación non formal.

Para iso desenvolveranse sesións, actividades, dinámicas e visitas a experiencias locais.

Donde e cando se desenvolve?

O Intercambio de Boas Prácticas desenvolverase no Concello de Vedra, ao longo de 5 días; do 24 ao 30 de setembro de 2017.

Quen son os destinatarios/as?

Está dirixido a membros/as de asociacións do Concello de Vedra.

Requisitos:

1. Idade: maiores de 18 anos.
2. Coñecemento medio de inglés.
3. Presentar unha experiencia de boa práctica que realizaron ou na que participaron.

Continúa na páxina 10



No intercambio participarán 30 persoas en total de Portugal, Italia e Galicia.

Espazo de encontro-intercambio?

Casa de Cultura de Sta. Cruz de Ribadulla - Vedra

Financiación:

Todos os gastos de desprazamentos, aloxamento, manutención, visitas, accións formativas; están cu-

bertas polo Programa Erasmus + da U.E.

Para máis información e inscricións:

Departamento de Cultura:

981 814 691 e xuventude@concellodevedra.com



**Concello
de Vedra**

EMPRENDEMENTO XUVENIL

EMPRENDEMENTO XUVENIL



O Programa de Información e Dinamización Xuvenil Emprendedora "Val do Ulla" busca promover entre a xuventude a adquisición das competencias necesarias para acadar un desenvolvemento persoal, social e profesional adaptado á súa contorna, ás súas necesidades e intereses e ás demandas do mercado laboral actual, co fin último de acadar o éxito na consecución dun posto de traballo.

◦ DESCÚBRETE (setembro – outubro)

Obradoiros dirixidos a estudantes que cursan secundaria (ESO). Impartiranse nos centros educativos.

Temáticas. Habilidades sociais, identidade persoal...

◦ COÑÉCETE (xullo)

Obradoiros dirixidos a xóvenes de entre os 16 e 18 anos.

Temáticas. Habilidades sociais, educación emocional...

◦ ACTÍVATE (setembro – outubro)

Accións formativas dirixidas a xóvenes de entre os 18 e 35 anos.

Duración: 50 h. do 19 de setembro ao 6 de outubro; de luns a venres de 10 a 13:30 h.

Temáticas.

1. Identidade e marca persoal: autocoñecemento, automotivación e autocontrol, competencias sociais e comunicativas.
2. Posicionamento da miña marca: perfil persoal, o éxito no proceso de selección.
3. Ecosistema emprendedor: creatividade e innovación, formas xurídicas de empresa...

◦ REINÍCIATE (setembro – outubro)

Aberto a tódolos/as interesados/as

- Curso de Educación Emocional: 8 h. o 21 e 22 de setembro de 16 a 20 h.
- Curso de Coaching: 8 h. o 28 e 29 de setembro de 16 a 20 h.
- Curso de Oratoria: 8 h. o 5 e 6 de outubro de 16 a 20 h.

◦ FÓRMATE

Formacións especializadas para potenciais xacementos de emprego. Aberto a tódolos/as interesados/as:

- Curso de Recursos de Educación Ambiental: abril.
- Curso de monitor/a de piragüismo: xuño.
- Curso de Desfibrilador Semiautomático: xullo.
- Curso de Deseño e Impresión en 3D: 4 h. o 23 de setembro de 10 a 14 h.
- Curso de Videocreación: 8 h. o 30 de setembro de 10 a 14 h. e de 16 a 20 h.
- Curso de Animación Infantil: 8 h. o 7 de outubro de 10 a 14 h. e de 16 a 20 h.



PARA MÁIS INFORMACIÓN E INSCRICIÓNS

Concello de Vedra

T. 981814691 | xuventude@concellodevedra.com

Concello de Boqueixón

T. 981513061 | omixboqueixon@gmail.com

Concello de Vila de Cruces

T. 986582017 | concellodeviladecruces@gmail.com

PROGRAMA DE INFORMACIÓN E DINAMIZACIÓN XUVENIL EMPRENDEDORA "VAL DO ULLA 17"

PROMOVE



SUBVENCIONA





ANPA CEIP ORTIGUEIRA CURSO DE ACTIVIDADES 2017-2018 NA CASA DA CULTURA DE SANTA CRUZ.

■ A ANPA CEIP ORTIGUEIRA presenta o seu programa de actividades:

- **Técnicas de estudo para a intelixencia emocional:** Grupos os martes e xoves segundo demanda e nivel.
- **Ábaco:** Os luns ás 17:15 h.
- **Arte:** Mércores ás 17:15 h.
- **Teatro:** Un día a semana (por determinar).

Prezo por actividade:

- 15 € para socios e socias.
- 20 € para o resto.

Período de inscricións aberto do 11 ao 30 de setembro no teléfono 691 717 619 ou con calquer membro da anpa.

ESCOLA DE TENIS DE VEDRA

**NOVA APERTURA
ESCOLA DE TENIS VEDRA**

- Aprende e practica tenis na Escola de Tenis de Vedra, xunto ó campo de fútbol do Coto (Tomonde).
- Dúas pistas de tenis de cemento con iluminación.
- Clases para nenos, dende os 7 ós 20 anos. Grupos por idades e nivel.
- Clases para adultos.
- Prezos asequibles.
- Competicións por equipos, campionatos, viaxes e máis...
- Pide información e reserva plaza no teléfono: 627 167 680 ou no email: etvedra@hotmail.com

*Descostos para empadronados do concello de Vedra e irmáns e familias.

escuela de tenis

PILATES

■ Grupo I:

Os luns e mércores de 9:30 h a 10:30 h.

Grupo II:

Os luns e mércores de 17:30 h a 18:30 h.

Grupo III:

Os luns e mércores de 20:45 h a 21:45 h.

- **Prezo:** 25 € ao mes.

- **Lugar:** VEDRA.

- **Inicio:** 13 de setembro.

As persoas novas interesadas deben de poñerse en contacto coa instrutora no teléfono 606 76 50 32 (Angélica).

ESCOLA DE MÚSICA SANTA CRUZ DE RIBADULLA - NOVO CURSO

■ A Escola de Música de Santa Cruz de Ribadulla comeza unha nova tempada co curso escolar, arrancando as súas clases a partir do 11 de setembro. Para participar do novo curso a escola abre o seu prazo de inscrición presencial no Baixo da Casa da Cultura de Santa Cruz de Ribadulla.

- **Datas:** 7 e 8 de setembro.
- **Horario:** de 18:00 a 21:00 horas.

ESCOLA DE MÚSICA DE VEDRA

■ Comezo do curso escolar 2017-2018 o mércores 13 de setembro. Ábrese prazo para novas matrículas os días 11 e 12 de setembro dende o remate do horario escolar ata ás 19:00 h. na aula de música do CPI de Vedra.

Danse clases de solfexo e instrumento (piano, guitarra, violín, violonchelo, batería, frauta doce e frauta traveseira).

Máis información no teléfono 666 630 109.

IV XORNADAS MICOLÓXICAS COGOMELAR

IV Xornadas micolóxicas COGOMELAR

— Pazo Vistalegre - VEDRA —

30 DE SETEMBRO - José Manuel Castro Marcote
"Ascomycetes: características xerais. Introducción á taxonomía dos Pezizales"

7 DE OUTUBRO - Chemi Traba Velay
"Familia Lepiotaceae Roze. Xéneros Macrolepiota e Lepiota. Introducción aos xéneros: Melanophyllum, Cystolepiota, Pulverolepiota, Sericeomyces, Leucoagaricus e Leucocoprinus"

14 DE OUTUBRO - José María Costa Lago
"O mundo dos Gasteromycetes: macroscopía, microscopía e curiosidades"

21 DE OUTUBRO - Jaime Blanco Dios
"Cantharellaceae de Galicia: biodiversidade e recomendacións para manter e aumentar a súa produtividade"

HORARIOS
De 11 a 13:30 h. Charla + coffee break
De 15:30 a 18 h. Saída de campo

PREZO
10 € por xornada
30 € (bono 4 xornadas)

XANTAR
Reserva o teu menú de outono por 15€

MÁIS INFORMACIÓN E INSCRIPCIONES
T. 620 424 090 - FB. [asoc.amabul](https://www.facebook.com/asoc.amabul)

Organiza: Colabora:



ANPA "A BOCA" DO C.P.I. PLURILÍNGÜE DE VEDRA - ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES 2017/18



**ANPA "A BOCA" do
C.P.I. Plurilingüe de Vedra**

anpapedra@gmail.com

<http://anpapedra.blogspot.com>

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

CURSO 2017/2018

XIMNASIA

RITMICA

Grupo de idade os que se oferta: A partir de 3 anos.
Custo: 15€ Socios, e 18€ Non Socios (prezo por mes).
Lugar: Polideportivo de Vedra.
Os Mércores de 16 a 17 horas.
Grupo mínimo: 8 nenas/nos.

BALLET

Grupo de idade os que se oferta: A partir de 3 anos.
Custo: 15€ Socios, e 18€ Non Socios (prezo por mes).
Lugar: Polideportivo de Vedra.
Os venres de 16 a 17 horas.
Grupo mínimo: 8 nenas/nos.

ÁBACO

Grupo de idade os que se oferta: A partir de 4 anos.
Custo: 15€ Socios, e 18€ non socios. (prezo por mes)
Lugar: Na contorna do CPI de Vedra. Por confirmar
Os Venres de 15 a 16 horas.
Grupo mínimo: 10 nenos/as.

REFORZO

EDUCATIVO

Grupo de idade os que se oferta: Primaria e Secundaria.
Custo: 6€ 1 hora/semana; 5€ 2 horas/semana; 4€ 3 horas/semana
Lugar: Aula del CPI de Vedra.
Luns, Martes, Mércores e Xoves.
Grupos reducidos.

ROBÓTICA

Grupo de idade os que se oferta: Primaria e Secundaria.
Custo: 25€ al mes.
Lugar: Aula CEMIT. Biblioteca Municipal de Vedra.
Venres de 16 a 17 horas.
Grupo mínimo: 8 nenos/as.

PATINAXE

EN

FAMILIA

Grupo de idade os que se oferta: A partir de 3 anos.
Custo: 15€ a socios, e 18€ non socios. (prezo por mes)
Lugar: Pavellón de Lestedo (Pendente de confirmación)
Grupo mínimo: 15 persoas (entre padres e fillos).
Os Sábados de 16:00 a 17:00 horas.

Admisión por rigorosa orde de inscricións, que serán atendidas no e-mail:

anpapedra@gmail.com

Aquelas familias que economicamente non poidan afrontar o pago das actividades, poderán solicitar unha axuda a través do departamento de asuntos sociais do Concello de Vedra.

Máis información no Facebook ANPA CPI de VEDRA ou no noso BLOG: anpapedra.blogspot.com.es

COLABORAN:



ASOCIACIÓN CULTURAL PAPAVENTOS

■ Función de 'República de Gundián' na Ponte Ulla

O sábado 9 de setembro ás 21:30 h, Andaravía Teatro representará 'República de Gundián' no exterior da Capela de Nosa Señora do Gundián (A Ponte Ulla). A entrada é de balde.



■ Circuito galego de Teatro Amador

Como cada outono, a Asociación Cultural Papaventos en colaboración coa Federación Galega de Teatro Amador (FEGATEA) organiza en Vedra o Circuito Galego de Teatro Amador que este ano inclúe as seguintes actuacións:

- Venres 29 de setembro ás 21:15 h: 'En venda', de O Trasnovo Teatro.
- Venres 6 de outubro ás 19 h: 'Clowntacontos', do Grupo de Teatro da Biblioteca de Antas de Ulla.
- Venres 20 de outubro ás 21:15 h: 'Hotel desencanto', de Hipócrata Teatro.
- Sábado 21 de outubro 21:15 h: 'Se o sei... non volvo á casa', de A Mámoa Teatro.

- Lugar: Centro Social de Vedra
- Prezo das entradas: 2 euros.

■ Iniciación ao teatro

A Asociación Cultural Papaventos e a ANPA "A Boca" do CPI Plurilingüe de Vedra, organizan para o curso 2017/2018, clases de iniciación ao teatro para escolares dos diferentes niveis educativos.

Grupos de idade aos que se oferta: Infantil, Primaria e Secundaria

Día e horarios:

- Infantil: sábado de 10:30 horas a 11:30 horas
- Primaria: sábado de 11:30 horas a 12:30 horas
- Secundaria: sábado de 12:30 horas a 13:30 horas

Custo: 15€ ao mes

Lugar: Centro Social de Vedra (Pendente de confirmación).

Grupo mínimo: 8 persoas.

Prazo de presentación de solicitudes: Do 1 ao 30 de setembro no correo electrónico ac_papaventos@yahoo.es. As prazas adxudicaranse por rigorosa orde de inscrición e terán prioridade, por esta orde, os/as socios/as da ANPA do CPI de Vedra, o alumnado do CPI de Vedra e o resto de persoas interesadas.

Organizan: ANPA "A Boca" do CPI Plurilingüe de Vedra e Asociación Cultural Papaventos.

Colabora: Concello de Vedra e Deputación de A Coruña.

■ Iniciación ao teatro (adultos)

Ademais, a Asociación Cultural Papaventos organiza tamén para o curso 2017/2018 clases de iniciación ao teatro dirixidas a público adulto.

Idade: a partir dos 16 anos.

Día e horario: xoves ás 21h.

Custo: 20€ ao mes.

Lugar: Centro Social de Vedra (Pendente de confirmación).

Grupo mínimo: 8 persoas.

Prazo de presentación de solicitudes: Do 1 ao 30 de setembro no correo electrónico ac_papaventos@yahoo.es.

Organiza: Asociación Cultural Papaventos.

Colabora: Concello de Vedra e Deputación de A Coruña.



CD SAN MAMED - Tempada 2017/2018




¡¡VEN A XOGAR CON NÓS!!
C.D. SAN MAMED
 NOVA TEMPADA 2017-2018

COTA DE INSCRICIÓN CON RIFAS · 0€
COTA DE INSCRICIÓN SEN RIFAS · 100€

INFÓRMATE NO CLUB
 MANUEL · 609 825 338 | BENJAMÍN · 650 114 328
 JOSÉ · 626 134 864 | CDSANMAMED@GMAIL.COM

**E POR TRAER ÓS TEUS AMIGOS...
 ¡¡TES PREMIO!!**

1 AMIGO - UN BALÓN
3 AMIGOS - UN RELOXO
5 AMIGOS - CAMISETA DO TEU EQUIPO

SEGUNDAS EQUIPACIÓNS
UNHA TERCEIRA CAMISETA PARA O QUENCEMENTO

26ª CARREIRA POPULAR DO GUNDIÁN O domingo 10 de setembro



CARREIRA POPULAR DO 26ª GUNDIÁN
10:30 PONTE ULLA, VEDRA
 135 m



10 SETEMBRO 2017
 INSCRICIÓN GRATUITA OBRIGATORIA
 ATA O 6 DE SETEMBRO EN: 
WWW.GUNDIAN.gal

180 €, 100 € e 75 € para os 3 primeiros en categorías feminina e masculina. Categorias de 0 a 99 anos. Premios para todos os participantes. Máis de 750 € en vales de compra. Sorteos entre os participantes: bicicleta de montaña + o peso en litros de gasóleo.
 www.facebook.com/carreiragundian + info: contacto@gundian.gal / 690 129 257

ESCOLA DE FUTBOL VAL DO ULLA. Tempada 2017/2018

■ Dende a E. D. Val do Ulla informamos que o prazo de inscrición para a tempada 2017/2018 continúa aberto. No mes de agosto comezaron as categorías de fútbol 11 e no mes de setembro darán comezo as categorías de fútbol 8, que para a seguinte tempada terán o seguinte cadro de adestradores e formarán parte das seguintes competicións.

Dir. deportivo:
 José Antonio Varela Señarís. 626 119 992.
Coord. de fútbol 11:
 Carlos Iglesias López. 650 353 692.
Coord. de fútbol 8:
 Emilio Pérez Hermo. 619 012 645.

CATEGORÍA	COMPETICIÓN	ADESTRADORES
Categoría senior	2ª autonómica 3ª autonómica	Francisco Raviña Martínez (Nivel 3) Lino Casal Neira (Nivel 1) Alberto Nodar García (Nivel 2)
Categoría xuvenil (nados no 2001, 2000 e 1999)	1ª Autonómica xuvenil	Jose Manuel Neira Torres (Nivel 2)
Categoría cadete (nados no 2003 e 2002)	2ª autonómica cadete	Alfonso Sánchez Míguez (Nivel 1)
Categoría infantil (nados no 2005 e 2004)	1ª autonómica infantil	Carlos Iglesias López (Nivel 3)
Categoría alevín (nados no 2007 e 2006)	1ª alevín 2ª alevín	Kiko García Couto (Nivel 2) Lino Casal Neira (Nivel 1)
Categoría benxamín (nados no 2009 e 2008)	1ª benxamín 2ª benxamín	Jorge Tojo Rodríguez (Nivel 2) Emilio Pérez Hermo (Nivel 1)
Categoría prebenxamín (nados no 2011 e 2010)	1ª prebenxamín	Rafael Pereiras Pereiro (Nivel 1)
Categoría biberón (Nados no 2012 e posteriores)	Liga biberón F8	Oscar Parada Castiñeiras (Monitor Fútbol Base)
Adestramento específico de porteiros		Alfonso Sánchez Míguez (Nivel 1)



ASOCIACIÓN CULTURAL SAN CAMPIO - ACTIVIDADES DE OUTUBRO '17 A XUÑO '18

■ CLASES DE MUSICA E BAILE:

- Gaita
- Acordeón
- Percusión
- Baile tradicional
- Pandeireta

Horarios Luns:

- 18:30 - 19:30 - Iniciación ao baile + pandeireta.
- 19:30 - 20:30 - Perfeccionamento ao baile + pandeireta.
- 20:30 - 21:30 - Iniciación a pandeireta (maiores de 18 anos).
- 21:30 - 22:30 - Perfeccionamento a pandeireta.

Horarios os luns:

- Baile tradicional para adultos.
- Acordeón.
- Gaita, Requinta e percusión.

Prezos:

Musica e baile tradicional:

Baile + pandeireta 10€/mes socios (non socios, 18€/mes)

Acordeón:

Maiores de 12 anos: 18€/mes socios (non socios, 25€/mes).

Menores de 12 anos: 12€/mes socios (non socios, 20€/mes).

Profesores:

Emilio Lois (música tradicional)
Gustavo Couto (baile e pandeireta)

Inscripcións e máis información:

678 826 516 Angeles

663616884 Vero

Email: acsancampio@gmail.com

Inscripcións ata o 15 de outubro.



Polo bo civismo

■ Dende este espazo e a petición de veciños e veciñas de Vedra queremos nesta sección apelar aos bos costumes na condución!!

Algo que repercutirá sen dúbida en beneficio de todos e todas.

Ben é sabido das complicadas situacións de tráfico acontecidas no entorno da Casa do Antigo Xulgado e a Farmacia de Vedra, unha zona limitada a 40 km

e que conta con moita afluencia de coches e pouca visibilidade. Algo que aínda se agrava máis se o vehículo se incorpora dende calquera das vías secundarias,... que ao ter coches parados e mal estacionados dificulta moito esta situación.

Respectar os límites da velocidade así como estacionar debidamente melloraría e aliviaría a situación de colapso que en ocasións vive este tramo e evitará posibles colisións...

RESTOS VEXETAIS

■ Solicítase a veciñanza que non tiren restos vexetais (herba, podas,...) nos colectores de lixo, xa que este residuo pode ser depositado no Punto Limpo, onde se dispón dun lugar para a súa correcta xestión.



Vedra festeira en setembro



FESTAS DAS DORES EN VEDRA

■ DÍA 2.

Noite de festa coas orquestras **Xacobeo** e **Combo Dominicano**.

■ DÍA 3.

A partir das 10:30 h. entrada das bandas: **Santa Cruz de Ribadulla**, **Cultural de Teo**, **Union Musical de Ponteledesma**.

Dende ás 9:00 h. misas rezadas cada hora e misa solemne á 13:00 h.

Pola noite verbena e concerto a cargo das mesmas bandas.

Lanzamento de bombas, monifate, remos e fogos artificiais a cargo de **Pirotecnia Gaiteiro**.

■ DÍA 4.

Misa solemne ás 13:00 h. e sesión vermú a cargo do **Dúo Master**.

E pola noite festa coas orquestras **D´Moda** e **Paris de Noia**.

FESTAS DO GUNDIÁN EN PONTE ULLA

■ DÍA 7. PROCESION DE GUNDIÁN

21:00 h. Misa rezada na igrexa parroquial de Ponte Ulla.

21:30 h. Dará comezo a procesión da virxe dende a igrexa ata a capela. Na Ponte Vella presenciaremos os fogos de artificio a cargo da **Pirotecnia Penide**.

Durante a procesión e despois no campo de Gundián estaremos acompañados pola música tradicional de **A Gaita De Sarandón**.

Unha vez rematada a procesión poderemos gozar dun bo prato de polbo e bailar co dúo **Pachi e Montse**.

■ DÍA 8. GUNDIÁN GRANDE

Misas rezadas ás 9:30, 10:00, 10:30, 11:00 e 12:00 h.

Misa solemne ás 13:00 h. cantada polo coro parroquial de Ponte Ulla.

A festa continuará todo o día acompañados dun grupo de música da nosa terra.

■ DÍA 9. NOITE DE TEATRO

Aproveitando o fermoso lugar que temos, **Andaravía Teatro** representará a obra "República de Gundián" ás 21:30 h. no campo da festa de Gundián.

■ DÍA 10. GUNDIÁN PEQUEÑO

Misas rezadas ás 9:30, 10:00, 10:30, 11:00 e 12:00 h.

Misa solemne ás 13:00 h. cantada polo coro parroquial de Ponte Ulla.

A festa está garantida durante o día coa charanga **Os Atrevidos**. Pola tarde teremos xogos populares para os nenos e non tan nenos.

FESTAS DO PATIO EN SANTA CRUZ DE RIBADULLA

■ DÍA 16. FESTA DAS DORES

Misas rezadas: 10:00 h. e 11:30 h.

Misa solemne: 13:00 h.

Sesión vermú: **Banda de Santa Cruz de Ribadulla**.

Verbena coas orquestras **Olympus** e **América**.

Lugar: Tomonde.

■ DÍA 17. FESTA DO CARME

Misa rezada: 11:00 h.

Misa solemne: 13:00 h.

Sesión vermú: **Banda Municipal de Padrón**.

Verbena coas orquestras **Ciudad Cristal** e **Charanga BB+**.

Lugar: Campo de Castiláns.

■ DÍA 18. FESTA DE "O PATIO"

Misa rezada: 10:00 h.

Misa solemne: 13:00 h.

Sesión vermú: **Banda de Santa Cruz de Ribadulla** e **Banda de Música Artística de Merza**.

Concerto ás 20 h: **Banda de Música da Escola Naval Militar de Marín**, **Banda de Santa Cruz de Ribadulla** e **Banda de Música Artística de Merza**.

Tirada de fogos de artificio ás 00:30 h.

Lugar: Pazo de Ortigueira.

FESTAS DO SAN MIGUEL EN SAN MIGUEL DE SARANDÓN

■ 29, 30 de setembro e 1 de outubro.

PUBLICA A TÚA PROPOSTA:

Se pertences a calquera das asociacións de Vedra e o que queres é que a túa actividade saia publicada no Boletín, fáinolo saber no teléfono 981 814 691 ou no correo novas@concellodevedra.com co asunto: NOVA PARA O BOLETÍN. A DATA LÍMITE PARA FACELO SERÁ O 20 DE CADA MES.